



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.diconuna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ACTA NÚM. 4 DA MESA CONTRATACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS "1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO", INCLUIDA NO POS+ 2023

EXPTE.: 2023/C003/000005

LUGAR: Casa do Concello de Malpica de Bergantiños

DATA: 03/05/2024

Sendo as 13:24 horas constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva da resolución de alcaldía 667/2023, do 23/11/2023, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Eduardo J. Parga Veiga, Alcalde-Presidente do Concello.

Vogais:

Dª Mª Loreto López Fernández, Secretaria do Concello.

Dª Ana María Iglesias Gato, Interventora do Concello

Dª Patricia Coence Antelo, Tesoureira do Concello.

Secretario:

D. Juan Carlos Penedo Loureiro, administrativo do Concello.

Escusa a súa asistencia:

.../

É obxecto da reunión de conformidade coa orde do día da convocatoria a adopción dos acordos que procedan en relación ás ofertas incursas inicialmente en presunción de anormalidade presentadas pola empresas **SYR-AMG, S.L e GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.**, que optan á contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras ás que se refire o proxecto denominado "**1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO**", unha vez emitidos os informes solicitados por este órgano de asistencia á Sra. Coence Antelo e ao Sr. Cabeza Punte, así como a adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do presidente como do secretario da mesa, así como das tres vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte,

ORDE DO DÍA:

1º - ACTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA ANORMALMENTE BAIXA.

SYR-AMG, S.L.

A Mesa de Contratación procede a realizar as seguintes actuacións:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.diconuna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

1º.- A dar lectura e examinar o informe emitido polo Sr. Cabeza Punte (arquitecto) e pola Sra. Coence Antelo (Tesoureira) en relación a este licitador.

2º.- A examinar a documentación achegada pola empresa aos efectos de xustificar a súa oferta incurso inicialmente en presunción de anormalidade.

Así, á vista dos informes técnicos emitidos e da documentación presentada polo licitador a Mesa de Contratación conclúe:

1º.- Que queda xustificada a oferta presentada, de conformidade co establecido no prego, en relación á "xustificación dos prezos ofertados", cláusula 15.4.4. apartado 1; "volumen de obra", cláusula 15.4.4. apartado 2 e "relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas", cláusula 15.4.4. apartado 5.

2º.- Que non queda xustificada debidamente a oferta presenta, ao non terse achegado toda a documentación esixida polo prego, no relativo á "relación de custos laborais fixos e volumen de obra contratada", cláusula 15.4.4. apartado 3 e "cumprimento das obrigas salariais", cláusula 15.4.4. apartado 4.

Así, non se achega a seguinte documentación esixida polo prego de cláusulas que rexe a licitación:

- Boletíns de cotización da Seguridade Social: Relación Nominal de Traballadores e Recibos de Liquidación de Cotizacións.

Polo tanto, non se pode comprobar que se estea a cumprir coas obrigas aplicables en materia social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o cumprimento dos convenios sectoriais vixentes, en aplicación do art. 201 da LCSP.

3º.- Que á vista do anterior, procede que a Mesa de Contratación solicite a oportuna aclaración/requirimento de documentación, actuación esta que resulta posible, en aplicación da doutrina e resolucións de distintos tribunais contractuais (Resolución 471/2018 e Resolución 14/019 do Tribunal Central de Recursos Contractuales) que recoñecen á Mesa de Contratación a facultade de solicitar aclaracións/requirimento de documentación no trámite de xustificación da oferta incurso en presunción de anormalidade sen que isto poida implicar unha nova xustificación e sen que se afecte ao principio da igualdade de trato entre os licitadores.

Polo que á vista do anterior a Mesa de Contratación procede da seguinte forma.

SOLICITUDE DE ACLARACIÓN/REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Á XUSTIFICACIÓN DA OFERTA INCURSA EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE DE SYR-AMG, S.L

Vista a documentación presentada por SYR-AMG, S.L. para xustificar a súa oferta económica incurso inicialmente en presunción de anormalidade.

Vistos os informes técnicos emitidos, a petición desta Mesa e en cumprimento do establecido na cláusula 15.4.1 do prego que rexe a licitación e da LCSP.

Visto que o prego de cláusulas que rexe a licitación establece, aos efectos de xustificar a oferta económica incurso inicialmente en presunción de anormalidade, que se achegará polo licitador, entre outra documentación os boletíns de cotización da Seguridade Social do persoal laboral fixo.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Visto que a empresa/licitador SYR-AMG, S.L. non ten achegado os citados boletíns de cotización da Seguridade Social: Relación Nominal de Traballadores e Recibos de Liquidación de Cotizacións.

Visto que a empresa/licitador SYR-AMG, S.L. ten achegado entre outra documentación, aos efectos de dar cumprimento ao prego que rexe a licitación, en concreto, á cláusula 15.4.4. apartado 3 "relación de custos laborais fixos e volume de obra contratada" e á cláusula 15.4.4. apartado 4 "cumprimento das obrigas salariais", as nóminas do persoal e os recibos xustificativos de pagamento dos salarios correspondentes a decembro de 2023.

Visto, pois, que coa documentación achegada, a referida no parágrafo anterior, non é posible comprobar o cumprimento das obrigas salariais cos traballadores derivadas dos contratos e convenios colectivos tal e como esixe o prego e nos seus termos, ao non ser presentados os xa referidos boletíns de cotización da Seguridade Social.

Visto que o prego que rexe a contratación establece que se rexeitarán as ofertas se se comproba que son anormalmente baixas por vulnerar a normativa sobre subcontratación ou non cumprir as obrigas aplicables en materia medio ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no art. 201 da LCSP. Engadido que "Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta.../".

Visto o establecido nos arts. 149.4 e 201 da LCSP, aplicable o primeiro dos citados preceptos no presente procedemento ao abeiro do art. 159.4 h) da citada norma.

Considerando que a doutrina e resolucións de distintos tribunais contractuais recoñecen á Mesa de Contratación a facultade de solicitar aclaracións e efectuar requirimentos de documentación no trámite de xustificación de baixas incursas en presunción de anormalidade, sen que isto poida implicar unha nova xustificación e sen que se afecte ao principio da igualdade de trato entre os licitadores, é polo que a Mesa de Contratación en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP e por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto,

ACORDA:

Primeiro: Solicitar ao licitador SYR-AMG, S.L. a correspondente aclaración/xustificación en relación a documentación xa presentada, achegando a documentación que se dirá a continuación, a cal deberá permitir a esta administración comprobar o cumprimento das obrigas salariais cos traballadores derivadas dos contratos e convenios colectivos tal e como esixe o prego e o art. 201 da LCSP, outorgándolle para iso un prazo de **tres días hábiles** desde o envío da correspondente comunicación a través da Plataforma de Contratos del Sector Público.

A documentación a achegar será, pois, de conformidade co establecido polo prego que rexe a licitación, cláusula 15.4.4, a seguinte:

- Boletíns de cotización da Seguridade Social: Relación Nominal de Traballadores e Recibos de Liquidación de Cotizacións.

Esta nova documentación debe completar/aclarar a xa presentada pola empresa.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.diconuna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Segundo: Advertir ao licitador que o cumprimento das citada obrigas sociais debe quedar xustificada con carácter previo á finalización do prazo de presentación de ofertas, isto é, o 13/12/2023, e que a aclaración/xustificación debe realizarse en relación á documentación xa presentada.

Terceiro: Que pola secretaría desta Mesa se proceda a comunicar o presente acordo ao licitador a través da Plataforma de Contratación del Sector Público (PLACE).

2º - ACTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA ANORMALMENTE BAIXA.

GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

A Mesa de Contratación procede a realizar as seguintes actuacións:

1º.- A dar lectura e examinar o informe emitido polo Sr. Cabeza Punte (arquitecto) e pola Sra. Coence Antelo (Tesoureira) en relación a este licitador.

2º.- A examinar a documentación achegada pola empresa aos efectos de xustificar a súa oferta incurso inicialmente en presunción de anormalidade.

Así a vista dos informes técnicos e da documentación presentada polo licitador a Mesa de Contratación conclúe:

1º.- Que non se teñen xustificando os "prezos ofertados", apartado 1 da cláusula 15.4.4 do prego, xa que no informe emitido polo Sr. Cabeza Punte consta:

"1. Justificación de precios ofertados"

A. Materiales

Da análise do apartado de materiais dedúcese que:

- *Unicamente se achega documentación de prezos dun provedor de áridos, con información xenérica (non particularizada para a obra).*
- *Achéganse cartas de compromiso **xenéricas** (sen particularizar para a obra) de dúas empresas: Áridos Reboiras e SELA; emitidas en outubro de 2018.*

B. Maquinaria

- *O licitador manifesta que toda a maquinaria posta a disposición das obras forma parte do inventario da empresa, sen especificar se a mesma se atopa amortizada ou non.*
- *Así mesmo, manifesta que posúe medios auxiliares de uso común en obras de natureza semellante a que se está a licitar.*

C. Oferta detallada por unidades de obra con el mismo detalle que aparece descrito en el proyecto técnico

- *Non achega unha oferta detallada nos termos especificados no prego, posto que non recolle as unidades de obra co mesmo detalle que aparece reflexado no Proxecto Técnico: a oferta unicamente amosa os prezos ofertados a nivel doo resumo de capítulos.*



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.diconuna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

- Na oferta detallada aportada polo licitadora, obsérvase que se reducen os Gastos Xerais e o Beneficio Industrial respecto do considerado no Proxecto Técnico, adoptando un 4% e un 2% respectivamente”.

2º.- Que non se ten xustificado o apartado 2 da cláusula 15.4.4 do prego, “volumen de obra”, xa que no informe emitido polo Sr. Cabeza Ponte consta:

“2. Volumen de Obra:

O licitador manifesta que conta con tres obras en carteira coa administración, unha das cales pertence ao termo municipal de Malpica de Bergantiños. Non obstante, NON se xustifica en modo algún que esa circunstancia teña relación coa baixa de prezos ofertada”.

3º.- Que non ten quedado xustificada a oferta presentada conforme ao esixido pola cláusula 15.4.4 apartado 1 e 2 do prego, xa que no informe emitido polo Sr. Cabeza Ponte consta como conclusión:

“5. Conclusións:

A documentación aportada **NON se axusta** no seu contido ao establecido no prego de cláusulas e **NON se adapta** ao proxecto técnico. Aínda a pesares de que o índice do documento presentado polo licitador amosa certa vontade de seguir as directrices dos mesmos, numerosos apartados (CVs dos traballadores, relación de obras executadas, etc) nin tan sequera gardan relación co contido que o prego require para a xustificación da baixa temeraria.

A xustificación da baixa fundaméntase nunha redución dos Gastos Xerais e do Beneficio Industrial respecto do especificado no Proxecto Técnico, **NON considerándose esas reducións como motivos para a xustificación da baixa**, máxime tendo en conta a tendencia alcista dos materiais de construción en particular, e dos combustibles en xeral.

NON se considera realista que GR CONTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SLU vaia a executar a totalidade das partidas que compoñen a obra sen recorrer ao concurso de empresas subcontratadas; posto que non conta, por exemplo, con maquinaria propia para a execución de sinalización horizontal prevista, nin especifica os gastos de alugueiro de ditos equipos no caso de que os levaran a cabo con medio propios.

Por todo o anterior, **considerase NON xustificada a baixa** anormal ou desproporcionada desde o punto de vista técnico, con independencia da comprobación do resto de puntos do 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que corresponden á Tesourería”.

4º.- Que non se ten xustificado a “relación de custos laborais fixos e volumen de obra contratada”, cláusula 15.4.4. apartado 3 do prego e o “cumprimento das obrigas salariais”, cláusula 15.4.4. apartado 4, xa que no informe emitido pola Sra. Coence Antelo consta como conclusión:

“GR CONTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., con CIF B70262829, non acredita documentalmente a relación entre custes laborais fixos e volumen da obra contratada, nin xustifica documentalmente o cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos ou convenio colectivo sectorial de aplicación, POLO QUE A SÚA OFERTA NON PODE SER AVALIADA, ÓS EFECTOS DE SÚA CUALIFICACIÓN, COMO OFERTA CON



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.diconuna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

VALORES NORMAIS con respecto ás esixencias do prego en materia de custes laborais e de Seguridade Social”.

Polo que á vista do anterior a Mesa de Contratación procede da seguinte forma.

PROPOSTA AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO REXEITAMENTO DA OFERTA PRESENTADA POR GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Vista a documentación presentada por GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L. para xustificar a súa oferta económica incurso inicialmente en presunción de anormalidade.

Vistos os informes técnicos emitidos, a petición desta Mesa e en cumprimento do establecido na cláusula 15.4.1 do prego que rexe a licitación e da LCSP.

Visto que no informe emitido polo Sr. Cabeza Punte, arquitecto, en relación a cláusula 15.4.4 apartados 1 e 2 do prego, consta:

“1. Justificación de precios ofertados

A. Materiales

Da análise do apartado de materiais dedúcese que:

- *Unicamente se achega documentación de prezos dun provedor de áridos, con información xenérica (non particularizada para a obra).*
- *Achéganse cartas de compromiso **xenéricas** (sen particularizar para a obra) de dúas empresas: Áridos Reboiras e SELA; emitidas en outubro de 2018.*

B. Maquinaria

- *O licitador manifesta que toda a maquinaria posta a disposición das obras forma parte do inventario da empresa, sen especificar se a mesma se atopa amortizada ou non.*
- *Así mesmo, manifesta que posúe medios auxiliares de uso común en obras de natureza semellante a que se está a licitar.*

C. Oferta detallada por unidades de obra con el mismo detalle que aparece descrito en el proyecto técnico

- *Non achega unha oferta detallada nos termos especificados no prego, posto que non recolle as unidades de obra co mesmo detalle que aparece reflexado no Proxecto Técnico: a oferta unicamente amosa os prezos ofertados a nivel doo resumo de capítulos.*
- *Na oferta detallada aportada polo licitadora, obsérvase que se reducen os Gastos Xerais e o Beneficio Industrial respecto do considerado no Proxecto Técnico, adoptando un 4% e un 2% respectivamente”.*

2. Volumen de Obra:

O licitador manifesta que conta con tres obras en carteira coa administración, unha das cales pertence ao termo municipal de Malpica de Bergantiños. Non obstante, NON se



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

xustifica en modo algún que esa circunstancia teña relación coa baixa de prezos ofertada”.

Visto que no informe emitido polo Sr. Cabeza Puente, arquitecto, conclúese:

“A documentación aportada **NON se axusta** no seu contido ao establecido no prego de cláusulas e **NON se adapta** ao proxecto técnico. Aínda a pesares de que o índice do documento presentado polo licitador amosa certa vontade de seguir as directrices dos mesmos, numerosos apartados (CVs dos traballadores, relación de obras executadas, etc) nin tan sequera gardan relación co contido que o prego require para a xustificación da baixa temeraria.

A xustificación da baixa fundaméntase nunha redución dos Gastos Xerais e do Beneficio Industrial respecto do especificado no Proxecto Técnico, **NON considerándose esas reducións como motivos para a xustificación da baixa**, máxime tendo en conta a tendencia alcista dos materiais de construción en particular, e dos combustibles en xeral.

NON se considera realista que GR CONTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SLU vaia a executar a totalidade das partidas que compoñen a obra sen recorrer ao concurso de empresas subcontratadas; posto que non conta, por exemplo, con maquinaria propia para a execución de sinalización horizontal prevista, nin especifica os gastos de alugueiro de ditos equipos no caso de que os levaran a cabo con medio propios

Por todo o anterior, **considerase NON xustificada a baixa** anormal ou desproporcionada desde o punto de vista técnico, con independencia da comprobación do resto de puntos do 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que corresponden á Tesourería”.

Visto que no informe emitido pola Sra. Coence Antelo, Tesoureira, en relación á cláusula 15.4.4 apartados 3 e 4 do prego, consta:

“GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., con CIF B70262829, non acredita documentalmente a relación entre custes laborais fixos e volume da obra contratada, nin xustifica documentalmente o cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos ou convenio colectivo sectorial de aplicación, POLO QUE A SÚA OFERTA NON PODE SER AVALIADA, ÓS EFECTOS DE SÚA CUALIFICACIÓN, COMO OFERTA CON VALORES NORMAIS con respecto ás esixencias do prego en materia de custes laborais e de Seguridade Social”.

Visto que a cláusula 15.4.4 do prego que rexe a licitación establece:

“15.4.4 Documentación a aportar para justificar la oferta con valores anormalmente bajos.

Los licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente bajos, dentro del plazo concedido al efecto deberán presentar para justificar la oferta, por medios electrónicos, y firmada electrónicamente, la siguiente documentación:

1. Justificación de precios ofertados:

A. Materiales

A.1 Compra



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.diconuna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

- *Carta de compromiso de los proveedores*
- *Precios unitarios detallados*

A.2 Medios propios y/o materiales de producción propia (por disposición de canteras, almacén o similares

- *Relación detallada de los medios propios con indicación de su coste individualizado o precio de venta al público.*

B. Maquinaria

B.1 Alquiler y/o contratación

- *Relación de la maquinaria con indicación detallada de los precios*

B.2 Medios propios

- *Relación detallada de la maquinaria*

C. Oferta detallada por unidades de obra con el mismo detalle que aparece descrito en el proyecto técnico

2. Volumen de Obra:

En este caso deberá justificarse por el licitador que presentó la oferta con presunción de anormalidad la relación existente entre las obras que tenga contratadas o en ejecución y los medios personales y materiales que dispone y determinar cómo incide esta relación en los precios ofertados.

3. Relación entre coste laborales fijos y volumen de obra contratada:

Se justificará mediante la aportación de la nómina y Boletines de cotización de la seguridad social del personal laboral fijo y declaración responsable del personal que adscribirá a la obra objeto de licitación y declaración del volumen de obra contratada

4. Cumplimiento Obligaciones Salariales.

Se presentará declaración y justificación de cumplimiento de obligaciones salariales con los trabajadores derivadas de contratos y convenios colectivos

5. Relación de subcontratos programados y carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, el órgano de contratación, previo informe de los servicios técnicos y a propuesta de la Mesa de Contratación, rechazará las ofertas si comprueba que son anormalmente bajas porque vulneran la normativa sobre subcontratación o no cumplen las obligaciones aplicables en materia medioambiental, social o laboral, nacional o internacional, incluyendo el incumplimiento de los convenios colectivos sectoriales vigentes, en aplicación de lo establecido en el artículo 201 LCSP.

Se entenderá en todo caso que la justificación no explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos por el licitador cuando esta sea incompleta o se fundamente en hipótesis o prácticas inadecuadas desde el punto de vista técnico, jurídico o económico”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400*

Visto, pois, que a documentación presentada é claramente insuficiente e non axustada ao esixido polo prego, e que en todo caso non se explica satisfactoriamente o baixo nivel de prezos e custos propostos, tal e como se conclúe nos informes emitidos e ten sido constatado por esta Mesa de Contratación, é polo que a este órgano de asistencia, en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

Único: Propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da oferta presentada pola empresa GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L. considerándoa non xustificada, declarándoa anormalmente baixa e quedando en consecuencia esta empresa excluída do procedemento/licitación.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, á que se anexan os informes emitidos, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación, polo que se autoriza esta coa firma da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia, dando esta última por finalizada a sesión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

D. Eduardo J. Parga Veiga

D. Juan Carlos Penedo Loureiro



C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

INFORME DOS SERVICIOS TÉCNICOS

Expediente: 2023/C003/000005 - "1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO"

Asunto: Solicitud de informe sobre documentación requirida en relación oferta con baixa anormal ou desproporcionada.

Vista a solicitude, a documentación obrante no expediente e unha vez feitas as comprobacións oportunas, paso a emitir o seguinte

INFORME

1. Documentación existente:

- Proxecto denominado "1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO".
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de referencia, aprobado mediante resolución de Alcaldía nº 667/2023 de 23 de novembro de 2023.
- "EXPEDIENTE JUSTIFICATIVO DE BAJA TEMERARIA" presentado por SYR-AMG, SL.

2. Consideracións:

Segundo o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares a documentación a aportar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos e a seguinte:

15.4.4 Documentación a aportar para justificar la oferta con valores anormalmente bajos.

Los licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente bajos, dentro del plazo concedido al efecto deberán presentar para justificar la oferta, por medios electrónicos, y firmada electrónicamente, la siguiente documentación:

1. Justificación de precios ofertados:

A. Materiales

A.1 Compra

- Carta de compromiso de los proveedores
- Precios unitarios detallados

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Páxina 1 de 6



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A.2 Medios propios y/o materiales de producción propia (por disposición de canteras, almacén o similares

- Relación detallada de los medios propios con indicación de su coste individualizado o precio de venta al público

B. Maquinaria

B.1 Alquiler y/o contratación

- Relación de la maquinaria con indicación detallada de los precios

B.2 Medios propios

- Relación detallada de la maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra con el mismo detalle que aparece descrito en el proyecto técnico

2. Volumen de Obra:

En este caso deberá justificarse por el licitador que presentó la oferta con presunción de anormalidad la relación existente entre las obras que tenga contratadas o en ejecución y los medios personales y materiales que dispone y determinar cómo incide esta relación en los precios ofertados.

3. Relación entre coste laborales fijos y volumen de obra contratada:

Se justificará mediante la aportación de la nómina y Boletines de cotización de la seguridad social del personal laboral fijo y declaración responsable del personal que adscribirá a la obra objeto de licitación y declaración del volumen de obra contratada

4. Cumplimiento Obligaciones Salariales.

Se presentará declaración y justificación de cumplimiento de obligaciones salariales con los trabajadores derivadas de contratos y convenios colectivos

5. Relación de subcontratos programados y carta de compromiso de subcontratistas.

En todo caso, el órgano de contratación, previo informe de los servicios técnicos y a propuesta de la Mesa de Contratación, rechazará las ofertas si comprueba que son anormalmente bajas porque vulneran la normativa sobre subcontratación o no cumplen las obligaciones aplicables en materia medioambiental, social o laboral, nacional o internacional, incluyendo el incumplimiento de los convenios colectivos sectoriales vigentes, en aplicación de lo establecido en el artículo 201 LCSP.

Se entenderá en todo caso que la justificación no explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos por el licitador cuando esta sea incompleta o se fundamente en hipótesis o prácticas inadecuadas desde el punto de vista técnico, jurídico o económico."

Requírese informe sobre a aportación das xustificacións das baixas anormais ou desproporcionadas a SYR-AMG, SL

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Páxina 2 de 6



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

3. Documentación achegada:

ÍNDICE

- NOTIFICACIÓN
- JUSTIFICACIÓN DE LA OFERTA
